

[MVAG/MCVR]

Na sala de comisións “Otero Pedrayo” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**, o día **25 de outubro de 2024**, ás **10:35 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

**Mesa:**

Cristina Sanz Arias  
(Presidenta)  
Miguel Fidalgo Iglesias  
(Vicepresidente en funcións)  
Ramón Tomás Fernández Alfonso  
(Secretario)

**Vogais:**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):**

María Encarnación Amigo Díaz  
Rubén Lorenzo Gómez  
Pablo Javier Prieto Perille  
(en substitución de María Deza Martínez)  
María Felisa Rodríguez Carrera  
Ángel Rodríguez Conde  
Borja Vereja Fraiz  
Miguel Ángel Viso Diéguez

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**

José Manuel Golpe Acuña  
Carmela González Iglesias  
José Daniel Pérez López  
Brais Ruanova Vilas-Boas

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):**

Patricia Iglesias Rey  
Lara Méndez López

**Grupo Parlamentario Mixto (M):**

Armando Ojea Bouzo

**Outros intervenientes:**

Dona Noelia Pérez López (P)

**Comparecente:**

Director da Axencia Turismo de Galicia

**Letrada:**

María Vicenta Aneiros González

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as substitucións pertinentes. Logo da súa constatación, éntrese no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

*O secretario abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.*

## **Punto 1. Pregunta**

### **1.1 7607 (12/POC-001237)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia**

**Sobre o acceso á información relativa ás liñas de axudas que a Axencia de Turismo de Galicia destina ás asociacións locais para promocionar as festas parroquiais, o prazo en que están activas, as contías e as características dos supostos convenios**

***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 13.08.2024***

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Méndez López, Lara (S)**, que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

En nome da Xunta de Galicia contéstalle o **director da Axencia Turismo de Galicia (Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes), José Manuel Merelles Remy**, logo de agradecer á Comisión o aprazamento desta iniciativa na sesión anterior.

En rolda de réplica a **señora Méndez López, Lara (S)**, expón novas consideracións sobre a información recibida, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo señora Merelles Rey.

Pecha o debate desta iniciativa o **director da Axencia Turismo de Galicia, José Manuel Merelles Remy**, ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

*A Presidencia agradece a presenza e colaboración do señor Merelles Remy cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.*

Deseguido a Presidencia, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que integran o punto segundo da orde do día, consistente en tramitar en primeiro lugar á proposición non de lei doc. núm. 11427 (2.3), en segundo lugar a doc. núm. 11917 (2.4), en terceiro



lugar a doc. núm. 12167 (2.5), en cuarto lugar a doc. núm. 1357 (2.1) e finalmente a doc. núm. 10818 (2.2).

Xa que logo, en primeiro lugar procédese ao trámite da proposición non de lei 2.3:

## **Punto 2.   Proposicións non de lei**

**2.3           11427 (12/PNC-001079)**  
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**  
**Méndez López, Lara e 2 máis**  
**Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co fin de axilizar a execución dos fondos Next Generation destinados ao Plan de modernización e competitividade do sector turístico**  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91f2, do 25.09.2024*

A **señora Méndez López, Lara (S)**, explica os motivos que xustifican a presentación desta proposta, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervéen en primeiro lugar o **señor Pérez López, don José Daniel (BNG)**, quen, logo de expoñer diversas consideracións sobre a iniciativa, anuncia que non comunica o seu voto, en espera do posicionamento do G.P. Popular de Galicia, sobre todo no que respecta ao punto segundo da mesma.

A continuación intervéen polo **G.P. Popular de Galicia** o **señor Vereza Fraiz, Borja**, para anunciar o apoio do seu grupo parlamentario á devandita proposta, aínda que todo o que nela se propón xa se está a lavar a cabo por parte da Xunta de Galicia.

Na rolda de puntualizacións a **señora Méndez López, Lara (S)**, agradece o apoio amosado polo G.P. Popular de Galicia, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo seu voceiro.

En segundo lugar procédese ao trámite da proposición non de lei 2.4:

**2.4           11917 (12/PNC-001138)**  
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**  
**Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e Ruanova Vilas-Boas, Brais**  
**Sobre o último acordo asinado polo Goberno central e os axentes sociais relativo á xubilación no sector manufactureiro**  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 95f1, do 02.10.2024*

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (BNG)**, quen procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.



A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar a súa posición, intervén en primeiro lugar a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, que pasa a expoñer as razóns polas que o seu grupo non vai apoiar a devandita proposta.

Nesta mesma rolda a **señora Pérez López, Noelia (P)**, logo de expoñer diversas consideracións a respecto da iniciativa, xustifica os motivos polos que o seu grupo non a vai apoiar e mesmo insta ao señor propoñente a retirala, por considerala un sen sentido.

Na rolda de puntualizacións o **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (BNG)**, expón diversas consideracións discrepantes coas razóns de rexeitamento da iniciativa por parte de ambos grupos parlamentarios e insiste na súa defensa.

En terceiro lugar procédese ao trámite da iniciativa 2.5:

**2.5                    12167 (12/PNC-001158)**  
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**  
**Rodríguez Carrera, María Felisa e 7 máis**  
**Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que colabore con recursos procedentes dos fondos Next Generation no financiamento das necesidades do sector do comercio galego**  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97f1, do 09.10.2024*

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 13728), da que obvia a súa lectura xa que foi remitida aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P)**, quen expón os motivos que xustifican a presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Méndez López, Lara (S)**, quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, defende a emenda presentada polo seu grupo que, de aceptarse, anuncia que votarían a favor da iniciativa.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante a **señora González Iglesias, Carmela (BNG)**, argumenta as razóns polas que o seu grupo vai apoiar a devandita proposición non de lei.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Rodríguez Carrera (P)**, comenta as argumentacións dos demais grupos parlamentarios, e propón unha transacción coa emenda presentada polo G.P. dos Socialistas de Galicia á que pasa a dar lectura:



*“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a asumir a porcentaxe complementaria, que non financie Europa, das axudas dirixidas ao comercio, as súas asociacións e federacións, para que teñan a oportunidade de acceder aos fondos europeos Next Generation unha vez que o Goberno de España transfira estes recursos a favor da nosa comunidade autónoma.”*

En cuarto lugar procédese ao trámite da proposición non de lei 21:

**2.1            1357 (12/PNC-000155)**  
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**  
**Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 3 máis**  
**Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan de rehabilitación e de**  
**posta en valor do mosteiro de Santa María de Monfero**  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024*

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 13750), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG)**, que procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o **señor Prieto Perille, Pablo Javier (P)**, para explica o sentido da emenda polo seu grupo ao tempo que amosa a súa vontade de chegar a un acordo de transacción.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes a **señora Iglesias Rey, Patricia**, logo de expoñer as súas argumentacións á respecto da proposta defendida sinala que, aínda que en principio se amosa favorable a apoiar a iniciativa, quede pendente da redacción dunha posible transacción coa emenda do G.P. Popular de Galicia.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, o **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG)**, tras matizar algunhas das afirmacións realizadas polo emendante, incide na importancia da iniciativa e amósase aberto a acadar unha transacción coa emenda presentada.

Finalmente procédese ao trámite da proposición non de lei 2.2:

**2.2            10818 (12/PNC-001016)**  
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**  
**Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**  
**Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo en**  
**relación coa actividade na mina de Penouta, en Viana do Bolo**  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88f1, do 20.09.2024*



A presidenta, previamente, comunicar que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas: unha de adición polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 13737) e outra de substitución polo G.P. Popular de Galicia (doc. 13749), das que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, quen expón os motivos que xustifican a presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda dos grupos parlamentarios emendantes, intervén en primeiro lugar o **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG)**, para explica o sentido da emenda presentada polo seu grupo, que agarda se teña en consideración polo grupo proponente.

En segundo lugar intervén o **señor Lorenzo Gómez, Rubén (P)**, quen, logo de expoñer diversas consideracións a respecto da proposta formulada, amosa os motivos da presentación da súa emenda de substitución.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre as emendas defendidas a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, logo de rebater moitas das afirmacións realizadas polo voceiro do grupo maioritario, explica as razóns polas que non acepta a súa emenda, pasando a continuación a argumentar as razóns polas que acepta o punto cuarto que propón a emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pero non acepta o punto cinco.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

**2.1 1357 (12/PNC-000155), do G.P. do Bloque Nacionalista Galgo.** Sométese a votación a transacción acadada coa emenda do G.P. Popular de Galicia (doc. 13750) que resulta **aprobada pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, coa participación doutras administración e nomeadamente co Goberno de España, impulsar un plan para a rehabilitación e posta en valor do Mosteiro de Santa María de Monfero e para a súa inclusión nos itinerarios turísticos, así como a procurar as vías para facerse coa titularidade do conxunto patrimonial.»*

**2.2 10818 (12/PNC-001016), do G.P. dos Socialistas de Galicia.** O señor Lorenzo Gómez (P) solicita a votación por puntos, ao que se opón a señora Iglesias Rey (S).

Xa que logo, sométese a votación a transacción acadada coa emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 13737), que resulta **rexeitada** por:

**Votos a favor:**..... 7  
**Votos en contra:** ..... 9  
**Abstencións:** ..... 0

**2.3 11427 (12/PNC-001079), do G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

- 1. Axilizar e priorizar a tramitación das prórrogas dos plans de sustentabilidade.*
- 2. Dar soporte técnico a aqueles concellos que se atopan en niveis baixos de execución por falta de medios técnicos para realizar as contratacións e desenvolver a carga e validación de documentación na plataforma cofee.»*

**2.4 11917 (12/PNC-001138), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **rexeitado** por:

**Votos a favor:**..... 5 (G.P. BNG)  
**Votos en contra:** ..... 11 (GG.PP P + S)  
**Abstencións:** ..... 0

**2.5 12167 (12/PNC-001158), do G.P. Popular de Galicia.** A Presidencia dá lectura a transacción acadada coa emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 13728), referida anteriormente pola señora Rodríguez Carrera (P).

Solicita a palabra a señora Méndez López (S) para preguntar se esa transacción queda como punto único da iniciativa, ao que a señora Rodríguez Carrera (P), lle contesta que esa transacción é só coa emenda de engádegas, que quedaría coma punto segundo da iniciativa, a señora Méndez López (S) amosa o seu desacordo con esa proposta, pois ela entendera que era unha transacción entre o punto da iniciativa e a súa emenda, polo que non a vai aceptar.

Xa que logo, sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:



**Votos a favor:..... 14** (GG.PP. P+BNG)

**Votos en contra: ..... 0**

**Abstencións: ..... 2** (G.P. S)

O texto aprobado é o seguinte:

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandar a transferencia a favor da nosa Comunidade Autónoma de recursos procedentes dos fondos europeos Next Generation co obxecto de financiar as necesidades do comercio galego e das súas asociacións e federacións.»*

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:50 horas.

**Ramón Tomás Fernández Alfonzo**  
**Secretario da Comisión**

**V. e pr.**  
**Cristina Sanz Arias**  
**Presidenta da Comisión**